

SECRETARÍA

<u>Acta número:</u> 15	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 28.12.2020	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal		<u>Hora:</u> 11:03

Asistentes

<p><u>Presencial:</u></p> <p><u>Presidente:</u> Miguel Anxo Fernández Lores</p>
<p><u>Concelleiros/as:</u></p> <p>Anabel Gulías Torreiro Eva María Villaverde Pego Demetrio Gómez Xunqueira Xosé Cesareo Mosquera Lorenzo María Carmen da Silva Méndez María do Carme Fouces Díaz Luis Alberto Oubiña Piay María do Pilar Comesaña Hermida Xaquín Moreda González Rafael Domínguez Artime María José Pardo Pumar Pablo Fernández López Ana Isabel Vázquez Reboredo Gerardo Ramón Pérez Puga Martín Martínez Silva Silvia Junco Martínez Guillermo Juncal Peñas Juan Manuel Muñoz Cerrada Agustín Fernández González María Gloria Blanco Rial Iván Puentes Rivera Marcos Rey Pazos Gregorio Revenga Portela</p>
<p><u>Videoconferencia:</u></p> <p>Raimundo González Carballo que se incorpora no punto 3 da orde do día</p>
<p><u>Secretario:</u> José Carlos Castiñeira Piñeiro.</p>
<p><u>Interventora:</u> Blanca Vega Lorenzo</p>

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 23.11.2020 (CSV: OAOTMQF4UNQVOZCW).



Dáse conta do borrador da acta que figura no asunto, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2. RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS E LOUREIROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. 2020/ORDRG/000002.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión por urxencia.

Seguidamente, de orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, na sesión de 23.12.2020, sobre a proposta da dirección xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 26.11.2020, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 30.11.2020.

(Intervención do concelleiro delegado do servizo de Urbanismo)

Rematada a intervención do Concelleiro delegado, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á 2ª modificación do artigo 8, baixo o epígrafe “Tempada de actividade furancheira”, da Ordenanza municipal reguladora da actividade de furanchos e loureiros no Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación do 26 de febreiro do 2013, texto íntegro publicado no BOP nº 78, do 23 de abril do mesmo ano - e modificada con posterioridade polo Pleno do Concello na sesión do 21/2/2015, texto publicado no BOP núm.1, de 04/01/2016-, no que atinxe ao remate da tempada anual de funcionamento dos furanchos e loureiros e pola que o referido artigo quedará redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 8. TEMPADA DE ACTIVIDADE FURANCHEIRA.

1. O Concello de Pontevedra, establece o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de xaneiro e o seu remate o 30 de xuño de cada ano.

2. Fóra desa tempada non se poderán abrir furanchos e non se admitirá ningunha solicitude individual das persoas titulares dos furanchos, nin sequera excepcional ou motivada, que supere os límites establecidos para a tempada xeral de furanchos, agás que tales circunstancias excepcionais, como as medidas consecuentes á declaración dun estado de alarma ou outras semellantes, impidan ao sector o normal desenvolvemento da tempada no período ordinario anual, en cuxo caso poderase interesar a modificación do período, que deberá ser aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, ao que se lle dará a oportuna publicidade, pero en ningún caso máis aló do 31 de xullo.”

Segundo.- Dispoñer que o texto íntegro da presente modificación da ordenanza, á que neste intre se presta aprobación inicial, sexa sometido a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da provincia, no “Taboleiro de Editos” do Concello, e na sede electrónica www.sede.pontevedra.gal.



SECRETARÍA

Así mesmo, e consonte co art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), inmediatamente aprobado o proxecto de modificación publicarase o seu texto, así coma os informes emitidos, na amentada sede electrónica do Concello, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de reclamacións anteriormente exposto.

Nos anuncios de exposición pública farase constar a citada publicación a efectos da súa consulta, sen prexuízo da do expediente no seu conxunto, de así instarse.

Terceiro.- Facer constar que o texto ao que se lle presta aprobación inicial considerárase definitivamente aprobado no suposto de que non se presenten reclamacións e suxestións no prazo referido no punto anterior.

Cuarto.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial de non se formular alegacións, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza no “Boletín Oficial” da provincia, sen que entre en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación, de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

Así mesmo, segundo o art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4), procederase á publicación do seu texto na sede electrónica municipal.

3. RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN DEFINITIVA, NO SEU CASO, DO EXPEDIENTE DE DISOLUCIÓN E SUPRESIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS. 2020/XENSEC/000038.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión por urxencia.

Seguidamente, de orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Réxime Interior, Persoal, Participación e Xustiza, na sesión de 23.12.2020, sobre a proposta da concelleira delegada do servizo de Persoal e Cultura de data 22.12.2020, relativa á aprobación definitiva do expediente de disolución de supresión ou extinción do Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra.

(A continuación iníciase o debate.)

Incidencias.- Incorpórase á sesión, mediante videoconferencia, Raimundo González Carballo.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- En contra: 10 (PP; e non adscrito)
- A favor: 15 (11 BNG; e 4 PSdeG-PSOE)

Consonte ao resultado da votación, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, presta a súa aprobación á proposta da concelleira delegada do servizo de Persoal e Cultura e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polas razón e motivos expostos na parte expositiva da proposta da concelleira delegada de Persoal e Cultura de data 22.12.2020 (CSV: TLDH2G254683OVGR), facendo constar que no caso da formulada por D. Antonio Millares Jorge, en representación do sindicato CCOO, o procedente sería inadmitir o recurso formulado, por canto o acto discutido, nin é susceptible deste nin ostenta



lexitimación para recorrerlo, pero en todo caso, como alegación tamén procede a súa desestimación polos motivos e consideracións expostas e, en consecuencia aprobar definitivamente os seguintes acordos:

1.- A disolución e supresión do organismo autónomo local denominado “Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), quedando extinguida a súa personalidade xurídica e derogados os seus estatutos con efectos do 31 de decembro de 2020.

2.- Asumir polo Concello de Pontevedra competencias e servizos que ten atribuídas actualmente o Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), con data 1 de xaneiro de 2021, baixo a modalidade de xestión directa, adscrito á concellería competente en materia de cultura.

3.- Que o Concello de Pontevedra suceda ao organismo autónomo mencionado, con data 1 de xaneiro de 2021, con carácter universal subrogándose en todos os dereitos e obrigas que tras a disolución do organismo autónomo, queden pendentes.

4.- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020, incorporaranse ao orzamento municipal con efectos do 1 de xaneiro de 2021.

5.- Proceder ao peche e cancelación das contas bancarias a nome do Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), con efectos do día 31 de decembro de 2020.

6.- Que se proceda a liquidación económica do organismo autónomo Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), realizándose as operacións orzamentarias preceptivas, subrogándose o Concello en canto resulte de aquela, integrando a contabilidade do organismo dentro da do Concello e que se proceda a oportuna previsión no orzamento municipal para o 1 de xaneiro de 2021, ao obxecto de garantir a xestión e prestación directa dos servizos.

7.- Excepto a Directora xerente do organismo autónomo que xa esta cesada, integrar con efectos do 1 de xaneiro de 2021, aos empregados públicos do Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), no cadro de persoal e na relación de postos de traballo do Concello de Pontevedra, conservando as actuais condicións laborais, subrogando o Concello de Pontevedra en todos os dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social, todo isto de conformidade co artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto de traballadores. A estes efectos, e por razóns de simplicidade e eficacia, modifícase o cadro de persoal no seguinte senso de trasladar todas as prazas e postos do organismo autónomo Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), a excepción do posto de director/a xerente que se suprime, ao do cadro de persoal do Concello de Pontevedra, de tal forma que:

- Se incrementa no cadro de persoal funcionario unha praza de subalterno da subescala subalterna da escala de administración xeral.

- Se crean 3 postos de persoal laboral, no novo Servizo de Infraestruturas Culturais que se pretende crear, quedando da seguinte forma:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS CULTURAI			
Técnico Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Subalterno	1	Fixo	



SECRETARÍA

- Se suprime o cadro de persoal do organismo autónomo Pazo de Congressos e Exposicións con efectos do día 31 de decembro de 2020.

Así mesmo, polo xa exposto na exposición de motivos, créase unha praza de técnico de infraestruturas culturais da subescala técnica da escala de administración especial con efectos do 1 de xaneiro de 2021.

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
a) Subescala Técnica			
Clase: Técnicos Superiores			
Técnico de infraestruturas culturais	A1	1	

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local deberá modificar a relación de postos de traballo para adaptarse á supresión do organismo autónomo e a integración do persoal deste, recollendo un novo Servizo de Infraestruturas Culturais.

8.- Con data 1 de xaneiro de 2021, todos os bens municipais que foron adscritos ao “Palacio de Congressos e Exposicións (Pazo de Congressos e Exposicións), para o cumprimento dos seus fins e a correcta prestación dos servizos deste, reverterán ao patrimonio municipal, así como todos aqueles que adquirise o organismo autónomo por calquera título lexítimo, e os recursos e dereitos que poida dispoñer no momento da disolución.

9.- Que o Concello de Pontevedra, con efectos do día 1 de xaneiro de 2021, asuma todos os dereitos e obrigas contractuais derivados dos contratos de obras, servizos, subministracións, convenios e calquera outro vixente a data de disolución.

10.- O Concello de Pontevedra, a partir do 1 de xaneiro de 2021, continuará coa tramitación do proceso de selección dunha praza de subalterno da subescala subalterna da escala de administración xeral, cuxas bases se titulan “convocatoria proceso selectivo dunha praza de subalterno, quenda libre, contida na oferta de emprego público do Pazo de Congressos e Exposicións do ano 2017” e que se publicaron no BOP de data 29 de xaneiro de 2020. Todas as referencias que se fagan nelas á Presidencia do organismo autónomo deben entenderse realizadas o Alcalde ou concelleiro en quen delegue. Así mesmo, en relación a este proceso:

- O posto que se cubrirá con este proceso de selección debe ser o de subalterno que se crea no novo Servizo de Infraestruturas Culturais e unha praza de subalterno.
- A funcionaria interina ocupante da praza convocada de subalterno continuará desempeñando a súa praza e posto de subalterno e no caso de cese por finalización do proceso selectivo de funcionario de carreira, este só se producirá cando finalice o proceso selectivo que foi convocado polo organismo autónomo e que rematará ou finalizará o Concello.

11.- Comunicar ao Rexistro de entidades locais a extinción do organismo autónomo con efectos do día 31 de decembro de 2020, así como aos demais organismos que procedan, entre os que están a Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o Instituto Nacional de Estatística.

12.- Facultar a Alcaldía para realizar todas as operacións necesarias, tanto xurídicas como materiais, e asinar cantos documentos sexan necesarios para que se realice a transferencia dos medios humanos e materiais adscritos ao organismo autónomo que se asumen directamente polo Concello de Pontevedra, realizar as oportunas xestións ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, o INSS e calquera outros organismos que



procedan así como tantas actuacións sexan necesarias para o a correcta extinción do organismo autónomo e a súa integración dos servizos e medios nos do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Proceder a súa publicación íntegra no BOP dos acordos anteriores, co texto completo dos mesmos, producindo efectos os días sinalados nos puntos dos acordos e co transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local.

4. RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL URBANO ZONA MONUMENTAL PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COMERCIO. 2020/SUBDIREC/000034.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión por urxencia.

Seguidamente, de orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas, na sesión de 23.12.2020, sobre a proposta da concelleira de goberno delegada de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo, de data 14.12.2020 (CSV H2MHRAXH6L5A6GSP).

Sen intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), presta a súa aprobación á amentada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa ao Centro Comercial Urbano Zona Monumental, NIF G36449148 tendo por obxecto a organización e desenvolvemento de actividades de promoción do comercio, por importe de 22,625.00 euros

Segundo.- Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se detalla, en relación as anualidades posteriores a súa execución se subordinará á existencia de crédito no respectivo orzamento:

Aplicación	Operación nº	Importe
2020-08-4310-48900	202000070211	4,396.73 € €
Total		

Terceiro.- Prestar aprobación ao texto íntegro do convenio polo que se regula a subvención como anexo deste acordo, contido no documento co CSV: EINCEBJ4QFO890L9.

5. RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN DO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PLAN DE COMPROMISO SOCIAL. 2020/INIPLENO/000037.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión por urxencia.

Seguidamente, de orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame desfavorable da comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 23.12.2020, emitido sobre a proposición que figura no asunto.



SECRETARÍA

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular é do seguinte teor literal:

“Tomando como referencia un estudo amplo realizado pola Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais. Se a excelencia para este organismo sitúase nun gasto municipal de 100 euros por habitante en investimento en Gastos Sociais, o Concello de Pontevedra non alcanza nin a metade.

Segundo datos correspondentes a preto de 400 cidades, realizado por este organismo independente, Pontevedra figura entre os municipios españois con menor gasto social: un concello “precario” que apenas dedica 44 euros por habitante ao ano.

Temos que conseguir que Pontevedra acade a excelencia social, para iso propoñemos que o goberno local destine o 10% do seu orzamento para o ano 2021 para gasto social.

Por iso, presentamos un Plan de compromiso Social.

Proposta de acordo:

- 1.- Reforzar o cadro de persoal da área de Servizos Sociais.
- 2.- Incrementar a partida orzamentaria coas entidades sociais conveniadas do terceiro sector.
- 3.- Dotación orzamentaria para unha convocatoria de subvencións para fins sociais.
- 4.- Aumentar o convenio coa Federación de Pais de Alumnos (FANPA) ata cubrir todas as bolsas de comedor escolar.
- 5.- Crear unha rede de voluntariado.
- 6.- Duplicar como mínimo a partida orzamentaria de axuda de emerxencia social ata polo menos 180.000 €.
- 7.- Facer un Plan de continxencia para financiar gastos sobrevidos pola Covid 19 para os colectivos sociais e con especial atención a persoas dependentes ou con discapacidade.
- 8.- Aumentar as partidas de Servizo de Axuda no Fogar e Teleasistencia domiciliaria.
- 9.- Crear unha partida específica para axuda de alugueiro dirixida ás persoas en situación de vulnerabilidade.
- 10.- Crear unha liña de axudas para reducir a factura enerxética.
- 11.- Realizar un programa de aulas infantís de apoio escolar e familiar.
- 12.- Posta en funcionamento dun piso de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 13.- Poñer en marcha un plan local de emprego, talleres de emprego, dirixidos a:
 - a. Persoas desempregadas de longa duración
 - b. Persoas maiores de 45 anos
 - c. Mozos menores de 30 anos.”

(A continuación prodúcese o debate).

Seguidamente realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 15 (11 BNG; e 4 PSOE)

- Votos a favor: 10 (9 PP; e 1 non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición anteriormente transcrita.

6. RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE PONTEVEDRA PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL O INCREMENTO SIGNIFICATIVO DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS DESTINADAS A GALICIA E A PONTEVEDRA PARA O 2021. 2020/INIPLENO/000038.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame desfavorable da comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 23.12.2020, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

Así mesmo informa da existencia dunha emenda presentada polos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE.

(A continuación prodúcese o debate).

Seguidamente o Presidente, a instancia do grupo proponente, retira o asunto da orde do día.

C) MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

7. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS. (2020/RESMENSUAL/000012).

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo, correspondentes ao mes de novembro de 2020, incluídos no expediente 2020/RESMENSUAL/000012.

8. TOMA DE COÑECEMENTO DE DECRETO DA ALCALDÍA, DE 30.11.2020, DE DELEGACIÓN NO DIRECTOR XERAL DE SEGURIDADE CIDADÁ DA INICIACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DA NORMATIVA EN MATERIA DE CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS. 2020/AREASDELEG/000006.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto indicado no asunto.

9. TOMA DE COÑECEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE 30.11.2020, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE DETERMINADOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES. 2020/DELEGXGL/000002.

O Pleno do Concello toma coñecemento do acordo indicado no asunto.

10. PREGUNTAS.

Non se presentaron preguntas.

11. ROGOS.

Non se formularon rogos.



SECRETARÍA

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 11:49 horas, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 13.04.2018, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello, de data 28.12.2020, o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome "Pleno ordinario 28-12-2020.mp4", garantíndose a súa autenticidade e integridade coa seguinte marca dixital:

4CF4004DAFEE75845DDB643EDC1888AC756130198848185CC618A6C114E62287h

xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

Pontevedra, ao día da sinatura.